



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000004

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e trinta minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 25 de data 25 de xaneiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.01.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 18.01.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN AUMENTO DE PRAZO DA SUBSANACIÓN DOS DEFECTOS DA OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONGO, FRÁDIGAS E OUTROS”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Expediente. 2021/C003/000007

Antecedentes

Vista a tramitación da obra: Reparación de Estradas en Beceiros, Domondo , Frádigas e Outros”; en Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2022 adxudícase a SYR AMG SL polo importe de:

Prezo sen IVE: 149.049,16 €

Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 31.300,32 €

Prezo total.- 180.349,48 €

Cun prazo de execución de 6 MESES.

Formálizase o contrato o 22 de abril de 2022. Realízase a acta de implantación o 4 de maio de 2022 e a acta de recepción o 5 de setembro de 2022.

En data 9 de xaneiro de 2024 co número de rexistro 20249990000064 solicita poder solucionar os desperfectos e patoloxías detectadas polo director de obra no proxecto indicado e dado as condicións meteorolóxicas solicita solucionalo para a primavera deste ano, nos meses de abril, maio ou xuño cando as condicións meteorolóxicas sean favorables.

En data 19 de xaneiro de 2024 co número 202499900000119 recíbese informe do director da obra Miguel A. Fernández Rivera no que expón literalmente:

“Tras executarse las obras de referencia, se firma el acta de recepción el día 05/09/2022, certificando que las obras se encuentran totalmente terminadas y ajustadas al proyecto contratado.

Tras realizar una visita a la zona de obras se constata que algunas pistas incluidas en el proyecto, presentan algún defecto puntual de ejecución. Las carreteras que presentan estos defectos son las denominadas: Playa, Ladeira, Domondó, Mirós y O Vilar de Lago.

Por estar dentro del plazo de garantía y, antes de proceder a la devolución de la garantía constituida por el contratista, éste deberá proceder a la subsanación de dichos defectos.

Por parte del ayuntamiento se comunicó al contratista de las obras lo expuesto en los apartados anteriores para que procediese a su subsanación en el plazo de un mes.

La época en la que se sitúa el plazo para la subsanación de los defectos no es la adecuada para la ejecución de los trabajos que conlleva la subsanación de los defectos. Es por ello que el contratista de las obras, muestra su interés para proceder a dicha subsanación, solicitando un aumento de plazo para esta subsanación hasta que las condiciones ambientales sean favorables.

Puesto que el acabado final de la ejecución de los riegos asfálticos con gravilla depende mucho de las condiciones de temperatura y humedad, se recomienda que estos trabajos se desarrollen a partir de los meses de abril, siempre y cuando las condiciones ambientales así lo permitan.

Por tanto, se plantea que se permita un aumento de plazo para proceder a la subsanación de los defectos encontrados hasta el fin del mes de junio, vista la buena intención del contratista por proceder a su reparación y favorecer una mejor ejecución de las obras que garantice una buena conservación de las obras.”

Visto o exposto, esta Alcaldía, PROPÓN a **Xunta de Goberno Local**, adoptar os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar o aumento de prazo para proceder á subsanación dos defectos encontrados ata o fin de mes de xuño.

Segundo.- Notificar ao adxudicatario e ao director de obra.

/Documento asinado electrónicamente polo sr. Alcalde/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/C003//000007).

3º.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2024-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SOLICITUDE DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2024

“Visto o informe do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido pola educadora social Iria García Martínez, sobre a subvención para os programas de PLAN CORRESPONSABLES e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais que se transcribe a continuación:

“INFORME PROPOSTA SOBRE “SOLICITUDE DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ANO 2024”.

Iria García Martínez, educadora social do Concello de Valdoviño, en relación coa convocatoria de subvencións a entidades locais para a promoción de igualdade no ano 2024 (DOG 08.01.2024)

INFORMO

- *Que nos últimos anos esta subvención foi solicitada polo Concello de Valdoviño para a realización das actividades de coeducación e igualdade baseadas nun obxectivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que inclúa, entre outras, a perspectiva de xénero.*

- *Que a dita subvención foi solicitada e xustificada, recibindo as cantidades concedidas coas minoracións correspondentes, ao ter finalmente unha participación maior da prevista na solicitude.*

- *Que no ano 2023 solicitáronse dúas liñas da subvención relativas ao Plan Corresponsables e ao Programa de promoción da igualdade e prevención e tratamento da violencia de xénero. A resolución da dita subvención concedeu a axuda para Plan Corresponsables, quedando no caso do segundo programa en lista de agarda.*

- *Que a necesidade das actividades está suficientemente xustificada pola natureza dos seus obxectivos, pola responsabilidade municipal de cubrir a conciliación familiar e de incidir socioeducativamente na prevención da violencia de xénero coa comunidade en xeral e coas familias en particular. Debido a isto, valórase positivo solicitar novamente os dous Programas.*

- *Que dende a área de Deporte comunícase a inclusión das actividades deportivas de verán dentro do Plan Corresponsables, enfocándoas como dúas liñas dentro do programa de conciliación.*

- *Que o enfoque técnico de ambos programas será na liña da solicitude anterior, destinando a subvención para dar cobertura ao Programa Concilia Tempos (Concilia Mañás e Concilia Tempos Entroido, Semana Santa, Verán e Nadal), ás actividades de Deporte no verán e tamén à posta en marcha de actividades para a promoción da igualdade e da prevención e tratamento da violencia de xénero.*

Que segundo o anteriormente exposto sería preciso aprobar:

PRIMEIRO.- Solicitar a axuda para os programas PLAN CORRESPONSABLES e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

SEGUNDO.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

TERCEIRO.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente ao alcalde do Concello ou, no seu defecto, ao persoal técnico de servizos sociais comunitarios.

CUARTO.- Designar para o traballo de solicitude e xustificación ao persoal técnico da área de Deportes e da área dos Servizos Sociais Comunitarios.

QUINTO.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa.

E para que conste aos efectos oportunos asino a presente en Valdoviño na data indicada á marxe.

A Educadora Social

Asdo. Iria García Martínez (Colexiada 3545)”

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local como alcalde,

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local aprobar a solicitude de axuda para os programas de PROMOCIÓN DA IGUALDADE (PLAN CORRESPONSABLES e PROMOCIÓN DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO) nas entidades locais para o ano 2024 e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria, con carácter previo e condicionado á posterior resolución de concesión.

Así o acordo, mando e asino na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A003//000001).

4.- APROBAR O PAGAMENTO DOS GAÑADORES DO III CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023.-

Visto que pola Secretaría se advirte da posibilidade de que non se levase a cabo a fiscalización previa e ante a ausencia da interventora municipal, propónse deixalo pendente para a seguinte Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acorda a retirada deste asunto da orde do día.

5.- APROBACION DO PAGO DOS “VALES” CONSUMO EN COMERCIO LOCAL AOS AUTORES DAS FOTOGRAFÍAS DO CALENDARIO.-

Visto que pola Secretaría se advirte da posibilidade de que non se levasa a cabo a fiscalización previa e ante a ausencia da interventora municipal, proponse deixalo pendente para a seguinte Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acorda a retirada deste asunto da orde do día.

6º.- APROBACIÓN DA CANCELACIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA A OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EXISTENTES NAS PRAIAS DA FROUXEIRA, O RIO, O RODO E PANTÍN.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva asociada a obra de MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EXISTENTES NAS PRAIAS DE A FROUXEIRA, O RIO, O RODO E PANTIN.

“Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014

Examinado o expediente 2024/X002/000002 consta Acta de recepción da obra de MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EXISTENTES NAS PRAIAS DE A FROUXEIRA, O RIO, O RODO E PANTIN asinada en data 31 de outubro do 2017.

Ao abeiro do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, o Director facultativo da obra redactou informe favorable respecto ao estado da MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS en data 17 de xaneiro do 2024.

Según informe emitido pola Tesourería municipal en data 18 de xaneiro do 2024, (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositado ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño aval bancario por importe de DOUS MIL TRES CENTOS SETENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.373,75 €) o 5 de xuño do 2017 con referencia 320170000098 a nome de Jardinería Arce S.L. con C.I.F. núm. B15547979, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada en data 7 de xuño do 2017.

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

Primeiro.- Devolver a garantía asociada a obra de MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EXISTENTES NAS PRAIAS DE A FROUXEIRA, O RIO, O RODO E PANTIN con referencia contable 320170000098 que consta a nome de Jardinería Arce S.L. con C.I.F. núm. B15547979.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X002//000002).

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e corenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/